# Gran cea de Nadal na Biblioteca do IES As Mariñas

***Entrantes variados***

***Primeiros pratos***

***Segundos pratos***

***Sobremesa***

***Bebidas***

Bufé libre. Non é mester etiqueta.

Imprescindible ter carné da biblioteca.

# Entrantes

*Lo mejor que le puede pasar a un cruasán*

**Pablo Tusset**

O que máis lle gusta a Pablo é entrar nos chats, non traballar, visitar prostíbulos e exercer de misóxino. Seu irmán desaparece misteriosamente e Pablo vese envolto nunha vertixinosa investigación.




*El laberinto de las aceitunas*

**Eduardo Mendoza**

Un tolo, e asisado, detective é "rescatado" do manicomio para verse envolto nunha serie de situacións esperpénticas polas que vai pasando sen solución para, ao final, volver ao comezo.

*Consumir preferentemente*

**Raúl Vacas**

Libro para inmisirse no mundo, para recuperar o tempo e engraxar os soños e as utopías, para rubir a un universo de andar por casa e acender a luz nun poema.

*Tomates verdes fritos*

**(Dvd)**

Unha película sobre a amizade entre dúas mulleres e o misterioso asasinato do home dunha delas.

Filme nominado a numerosos premios.




# Primeiros pratos




*La sociedad literaria y el pastel de piel de patata de Guernsey* **Mary Ann Schaffer**

A través das cartas que se cruzan os integrantes deste clube de lectura e a escritora Juliet Ashton iremos descubrindo uns personaxes profundamente humanos, encantadores e divertidos.

*Os comedores de patacas* **Manuel Rivas**

O protagonista, Sam, un mozo enganchado na droga, móvese entre dous espazos, entre dúas culturas, a urbana e a rural. O paro, o rap, os colegas, o ruído dos tractores, o poder da amizade, un accidente de coche, o reencontró coa aldea, coa avoa, serán referentes vitais deste protagonista tenro e entrañable.

*O porco de pé* **Vicente Risco**

Obra burlesca. É a historia dun comerciante enriquecido e vulgar que chega a ser alcalde. En contraste está o doutor Alveiros que ao final tamén lle renderá homenaxe a este porco. Visión desencantada do que ía ser o s. XX co triunfo dos cartos, da vulgaridade.

*No pidas sardina fuera de temporada*

**Andreu Martín**

Nun suburbio barcelonés, un adolescente afeccionado á investigación privada logrará descubrir as artimañas doutro mozo que, sen estudar, aproba os exames.

*Mejillones para cenar* **Brigit Vanderbeke**

A familia agarda o regreso do pai, que saíu en viaxe de negocios. A medida que as horas pasan, e el non chega, vaise organizando unha "revolta" que porá en cuestión todos os valores da familia tradicional.

*La pesca del salmón en Yemen*

**Paul Torday**

A anodina carreira do doutor Alfred Jones cambia o día que seu xefe lle pide avaliar un estraño proxecto: introducir o salmón no Yemen.



*La Cenicienta que no quería comer perdices*

**Nunila López Salamero**

Un conto moderno para adult@s que revisa, con moito humor, o papel que nos tocou a tod@s representar neste gran conto que é a vida.

*Setas ou cogumelos de Galicia*

**Marisa Castro e Luís Freire**

Os autores do libro apréndennos a coñecer, cultivar e cociñar as setas e cogumelos de Galicia. Un primeiro prato moi apetecible.

# Segundos pratos

*Restaurante Farruco* **Chus Pereiro**

Divertida peza teatral nun acto onde se xoga coa rima para presentar, a ritmo trepidante, a xornada que se vive nun restaurante moi especial. As ilustracións son de **Xan López**.

*A cociña de Larpeiros* **Benigno Campos**

O libro propón un percorrido saboroso pola cociña galega de sempre, tradicional e sinxela, á que engade unha achega persoal en cada un dos pratos propostos e a recomendación dun viño axeitado para os acompañar.







*¿Qué se está cociendo?* **(Dvd)**

Catro familias de Los Angeles: afroamericana, latina, vietnamita e xudía sentan na mesa o Día de Acción de Grazas, a máis tradicional das festividades estadounidenses. Unha *collage* familiar que pasa do humor ao drama e outra vez ao humor.

*Estómago* **(Dvd)**

Raimundo Nonato chega á gran cidade coa esperanza de conseguir unha vida que lle permita, no mismo día, comer e cear. Consegue traballo nun bar e alí descobre o seu talento innato para a cociña e transforma o lugar nun local de éxito.







*Lo que Einstein le enseñó a su cocinero*

**Robert Wolke**

O autor do libro métese na cociña para dar resposta a cuestións relacionadas cos alimentos, a súa preparación (tanto industrial como caseira) e o seu consumo.

*El cocinero del Dux* **Elle Newmark**

Venecia, 1498. Con apenas 14 años, Luciano sobrevive nas rúas da cidade. Un día, Amato Ferrero, o *chef* de cociña do *Dux* de Venecia, descúbreo roubando unha granada e lévao á súa cociña para que sexa o seu aprendiz.

*En la cocina* **Mónica Ali**

Gabriel, o *chef* do decadente Hotel Imperial, fai todo o posible por harmonizar os ingredientes explosivos da súa cociña. A morte, solitaria e silenciosa, do ucraniano Yuri na súa cociña parece romper o seu precario equilibrio.

*El perfeccionista en la cocina*

**Julián Barnes**

O autor, afeccionado tardío aos fogóns, conta nesta exquisita obra as súas divertidas experiencias e aventuras entre tixolas e potas. Gornecida con apetitosas ilustracións.




*Super Size me* **(Dvd)**

Curioso documental no que o director investiga no seu propio corpo os efectos da comida lixo, comendo só e unicamente en McDonal's, tres veces ao día durante todo un mes e acudiendo posteriormente ao médico para facer análises.

*¡No te comas este libro!* **Morgan Spurlock**

Este libro explora o horror dos programas alimentarios escolares, a adicción á comida e as medidas extremas que toma a xente para perder peso e recuperar a saúde. A frase "Queres patacas para acompañar?" xa nunca vai soar igual.




*Comer en Italia, rezar en India, amar en Indonesia* **Elizabeth Gilbert**

Lúcida e valente novela autobiográfica, fala do que ocorre cando decidimos ser artífices da nosa felicidade e deixamos de intentar vivir segundo os modelos que nos impoñen.

*Bueno para comer* **Marvin Harris**

Neste apaixoante estudo amósase como os alimentos preferidos (bos para comer) son aqueles que presentan unha relación de custos e beneficios prácticos máis favorables que os alimentos evitados (malos para comer).




*La cocina del azafrán* **Yasmin Crowther**

Historia sobre familia e amantes: como firen, como se traizoan e como se vengan uns dos outros; como a perda individual e mais o exilio se soportan a un prezo terrible.

*Una cocina tan grande como el mundo*

**Alain Serres/Zaü**

Máis que un libro é un caderno de viaxes que nos leva a descubrir, a través da cociña e da gastronomía, outros países tan lonxanos como diferentes ao noso.



# Sobremesas




***Sabor a chocolate*** **José Carlos Carmona Sarmiento**

Hai máis de setenta años, Adrian Troadec viu una moza saír dunha clase de música. Dúas guerras mundiais despois, aínda funciona a fábrica de chocolate que abriu para conquistala.
*Sabor a chocolate* é unha sinfonía incompleta de amor e soños. Unah novela tan intensa e adictiva como o mellor chocolate.

***Charlie e a fábrica de chocolate*** ***Roald Dahl***

Esta historia amosa como ás veces unha decisión pode transformar radicalmente toda unha vida... E isto é xusto o que lle acontece a Charlie. Neste marabilloso relato, Roald Dahl realiza unha das mellores críticas sobre o comportamento humano.

***Palabras de Caramelo*** ***Gonzalo Moure***

Kori é un neno saharauí, xordo, de 8 anos, que só recoñece as palabras nos movementos da boca. Por iso é quen de saber o que lle di o seu mellor amigo, un pequeno camelo ao que trata de salvar camiño do deserto.



***Un toque de canela*** ***(Dvd)***

Fanis Iakovidis ten 40 anos e alcanzou un momento crucial na súa vida. Fanis non viu seu avó desde que tiña 7 anos. Por iso, cando o ancián decide repentinamente viaxar a Grecia logo de tantos anos, a súa inminente visita preséntase como un acontecimento clave na súa vida.

***Chocolate amargo*** ***Mirjam Pressler***

Eva ten quince anos e está gorda. Iso faina sentir soa e cre que ninguén a quere. Que pode ter visto Miguel nela? Eva está enamorada de verdade por primeira vez, e pasa dúas semanas inolvidables con el.







***James y el melocotón gigante*** ***(Dvd)***

O pequeno James queda orfo tras a morte de seus pais e vese obrigado a vivir coas súas dúas crueis e repulsivas tías. A visita dun estraño personaxe, unha araña á que salva, proporciónalle un medio de escapar: un pexego gigante que comeza a medrar desmesuradamente no seu xardín.

***Chocolat*** ***(Dvd)***

Unha misteriosa muler acompañada da súa filla chega a una pequena vila francesa disposta a abrir unha chocolataría. Alí atópase coa oposición de certo sector do lugar, influído polo excesivo conservadurismo do alcalde.




# Bebidas

***Los limoneros*** ***(Dvd)***

Salma, unha viúva palestina, decide librar unha batalla contra o ministro de Defensa de Israel, cuxa casa linda co seu campo de limoeiros, na fronteira entre Israel e los Territorios ocupados.

***Agua para elefantes*** **Sara Gruen**

Cando o mozo Jacob perde todo, a súa familia e o seu futuro, aventúrase nun circo ambulante para traballar como veterinario. Transcorren anos de penuria ecrueldade pero tamén de ensoño e plenitude.



***Se comes un limón sen facer xestos.*** **Sergi Pàmies**

Libro de relatos onde a través de situacións cotiás descubriremos o amor non correspondido, a soidade, a desconfianza e a fustración, as dependencias familiares,...

***Agua con sal*** ***(Dvd)***

Unha historia de dúas mulleres, traballadoras ilegais dunha fábrica de mobles, que loitan por sobrevivir nesta sociedade de benestar e grandes oportunidades. Olga e Mari Jo buscan desesperadamente aquilo que perderon.







***Entre limones*** **Chris Stewart**

Os contratempos dunha parella, Chris e Ana, no seu traballo de reconstrución dun "cortijo" que compraron na serra de Granada. Un libro divertido que engancha desde a primeira á última páxina.

***Agua*** ***(Dvd)***

Chuyia é unha rapaza hindú de oito anos. Está na idade en que outras nenas só pensan en xogar, porén, ela xa é viúva. E, o que aínda é peor, a súa vida xa non vale nada.

O día a día da biblioteca en: **http://bibliotecamarinas.blogspot.com/**